

LÁNCARA

Anuncio

EXPOSICIÓN DAS DECLARACIÓN DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL.

O Pleno da Corporación do Concello de Lánacara, decidiu adoptar os novos modelos de declaración de intereses e actividades dos membros da Corporación aos que se refire o artigo 75.7 da Lei 7/85 de 2 de abril, adaptados á redacción dada pola Disposición adicional novena da Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo, ao artigo 75.7 da cita Lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente e en cumprimento do citado acordo plenario faise público que en tanto non se aprobe o Estatuto municipal invocado polo artigo 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, no que se determine o contido das declaracións anuais de bens e actividades e os termos da súa publicación, o citado rexistro de intereses dos membros da Corporación atópase a disposición de calquera cidadán na Secretaría do Concello, en horario de 20.00 a 14.00 horas, de luns a vnres, sendo o réxime de acceso o seguinte:

1º.-Calquera cidadán, a título individual ou en representación de persoa xurídica, que deséxe ter acceso ás declaracións, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude que deberá reunir os requisitos que establece o artigo 70 da devandita Lei, con indicación dos datos persoais do membro corporativo sobre cuxa declaración de actividades interésase a consulta. As solicitudes xenéricas de acceso non son admisibles.

2º.-Por decreto do Alcalde-Presidente autorizarase o acceso, sinalándose día e hora para facelo efectivo. Este acceso realizarase mediante comparecencia do solicitante diante da Secretaría do Concello que lle exhibirá as declaracións correspondentes. Do decreto daráselle traslado ao Concelleiro ou Concelleira interesados, para o seu coñecemento.

3º.-Se se solicita certificado, será expedido pola Secretaría, co visto e praxe do Alcalde.

O Réxime de silencio administrativo será o previsto polo artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Lánacara a 27 de xuño de 2011.- O ALCALDE, Eladio Capón López.

R. 3342

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2011, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DOS ESTUDIOS PREVIOS, REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A NOVAS TECNOLOXÍAS

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto deste contrato a realización dos estudos previos, redacción do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección da obra, coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de construción dun edificio destinado a novas tecnoloxías, segundo as prescripcóns técnicas elaboradas pola Directora do Proxecto URBAN.

O equipo redactor que resulte adxudicatario estará obrigado, sen percibir novos honorarios, a asumir as adaptacións da idea presentada e as modificacións do proxecto, incluso unha vez aprobado.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:**

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 40.000 euros polo que incluído o IVE 18% (7.200 €) resulta un presuposto total de 47.200 €, sen prexuízo da baixa ofertada polos licitadores

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- **Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- **Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- **Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

11.- **Gastos dos anuncios:** 146,12 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 29 de xuño de 2010.- O ALCALDE,P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 56/2011). Sonia Mendez Garcia

R.3316

Anuncio

NOTIFICACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 y 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (BOE, de 27 de Novembro de 1992), faise pública notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, ésta non se puido practicar.

O órgano Instructor do Procedemento é a Unidade de Sancións da Delegación de Policía e órgano competente para a súa resolución o Excmo.Sr.Alcalde, de conformidade co disposto no art.71.4 da Lei de Seguridade Viaria.

Os correspondentes expedientes obran na Unidade de Sancións da Delegación de Policía.Plza da constitución s/n.

O titular do vehículo ten a obriga de facilitar á Administración a identificación do conductor do vehículo no momento de ser cometida a infracción (Art.9 bis LSV).O incumprimento polo titular ou arrendatario do vehículo co que se cometera a infracción da obriga de identificar verazmente ó conductor responsable, considerarase como infracción moi grave a tenor do artigo 65.5j) da Lei de Seguridade Viaria sancionable dacordo co previsto no artigo 67.2a) do citado texto.

Durante o prazo de 20 días naturais dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación poderá:

a) Efectuar o pago voluntario da sanción con redución do 50% do importe da mesma, o que implica a finalización do procedemento e a renuncia a formular alegacións e demais consecuencias previstas no artigo 80 da Lei de Seguridade Viaria.

b) Formular alegacións e propor ou aportar as probas que estime oportunas ante o órgano instructor (Art.81 LSV).

c) De non formular alegacións nin abonar o importe da multa, a denuncia correctamente notificada surte efectos de acto resolutorio nos supostos e coas consecuencias previstas no art. 81.5 da LSV.

Lugar e forma de pago: en calquera sucursal da rede de oficinas Novacaixagalicia mediante carta de pago que pode obter na Oficina de Recadación do Concello de Lugo sita na rúa Río Neira 27 Bx de Lugo. (Tel:982255281,